

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

RESOLUCIÓN do 20 de decembro de 2018 pola que se modifican os créditos orzamentarios das bases reguladoras das axudas para novos emprendedores, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 (Galicia Emprende).

Mediante a Resolución do 15 de xuño de 2018 publicouse o acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica que aprobou as bases reguladoras das axudas para novos emprendedores, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2018 en réxime de concorrencia competitiva (Galicia Emprende) (DOG núm. 120, do 25 de xuño).

No punto terceiro do resolvo establécense os créditos dispoñibles para as convocatorias 2018.1 e 2018.2, e que, no caso de remanente de crédito da primeira convocatoria, se incrementará o crédito da segunda convocatoria mediante modificación desta resolución, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*.

Na Resolución do 15 de xuño de 2018 (DOG núm. 120, do 25 de xuño) o crédito dispoñible para a primeira convocatoria ascendía a 2.000.000 €, dos que se comprometeron 1.208.394,56 €, do que resulta un remanente de 1.791.605,44 €.

Na súa virtude e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Único.

Modificar os créditos da convocatoria 2018.2 das axudas para novos emprendedores, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 (Galicia Emprende) (DOG núm. 120, do 25 de xuño), que queda do seguinte xeito:

Convocatoria	Partida orzamentaria	Ano 2019	Ano 2020
2018.2	09.A1.741A.7704	1.253.035,95 €	538.569,49 €

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2018

Juan Manuel Cividanes Roger
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

